

Lírica

Poemas

Eva Moreda

Palatinado (II)

Cando quixemos saír de Germersheim fomos dar a un pantano.
A vila toda era un pantano. Pero só aí se mostraba como tal.
Todos calamos ao imaxinar o silencio que habería dentro da auga.
O día antes escoitáramos que a Germersheim mandaban aos soldados
para afacérense aos climas tropicais.
Germersheim era unha fortaleza,
pero os muros non estaban feitos de pedra e cemento.
Estaban feitos de afogo.
Ilemaña está chea de auga estancada.
Hai os ríos. O mar que nunca vin. Pantanos
e lagos artificiais por todas partes, escavados sen pudor e sen xeito.
(No mesmo Germersheim había un.
En Erfurt había varios,
e en outros moitos sitios de Alemaña).
O mar en Alemaña nunca o vin.
Mentres nos afastabamos en silencio do pantano,
ocorréuseme que en Germersheim
o mar non era nin sequera pensable.

Logroño (II)

De pequena confundía a deus coas raiolas do sol.
Porque no libro do catecismo viña unha fotografía dunhas nubes,
e as raiolas do sol pasaban por entre elas e caían á terra.
De aí saquei a idea de que deus era as raiolas do sol.
Así o seguín crendo moitos anos.
Pero, en Logroño, deus era outra cousa.
E estaba moi claro. deus era
a parede de rocha que estaba do outro lado do río.
Deus era a parede de rocha con ventás.
A xente do lugar dicía que era unha adega,
pero todos sabíamos que o dicían por ocultar a verdade:
que aquela parede de rocha era deus.
Ao mellor era polas ventás, porque eran coma ollos
e non pechaban nunca, e, mirases a onde mirases,
sempre atopabas un aberto.
Ou ao mellor era a rocha, ou o feito
de que a parede estaba ao norte, e que deus non pode vivir en ningún
outro sitio
se non máis ao norte ca nosoutros.

Palatinado (III)

Cando viches a unha persoa catro ou cinco veces en catro ou cinco sitios,
paréceche que xa a coñeces.

Cos ríos pasa o mesmo. Por exemplo, co Rin.

Cando cheguei ao Palatinado eu cría que xa o vira de abondo,
igual que se ve mil veces a unha persoa que a penas che interesa.

Vírao en Düsseldorf postmoderno baixo os edificios de Frank Gehry.

En Colonia transido por barcazas.

Nunha chaira de Duisburg entrándolle o Ruhr de costado.

E dúas horas seguidas bordeando a vía do tren, desde Coblenza cara arriba.

Aí descubrín que o Rin se desbordaba da súa canle. Porque toda a vila
ulía a Rin, aínda que, en catro semanas,
só baixei ao río dúas veces.

Toda a vila ulía a Rin, e emborrachábate,

e ías pola rúa e de súpeto comezabas a cantaruxar o motivo do Rin.

No Palatinado o Rin era ancho, e caudaloso, e pervasivo, e daba medo.

E simplemente non era posible facer coma che non che interesaba.